



**BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS ÁS FAMILIAS
CON NENAS E NENOS DE TRES A DOCE ANOS DE IDADE PARA A
PARTICIPACIÓN EN CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DURANTE O
VERÁN A TRAVÉS DO PROGRAMA
“BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021”**

A Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións reza no seu artigo 1 que ten como obxecto a regulación do réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas polas administracións públicas.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do Sistema galego de Servizos Sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recoñece no seu artigo 6 como un dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer ás familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

O Concello de Ribeira a través da súa Área de Cultura organiza dende hai anos campamentos estivais que promoven a conciliación das familias amais do aprendizaxe, o divertimento, o xogo e a interacción social que contan cunha grande aceptación por parte da cidadanía e no que participan veciños e visitantes con varios centos de nenas e nenos en cada edición.

Debido á situación xerada polo Covid-19 a Área de Cultura do Concello de Ribeira opta un ano máis por promover un programa de axudas aos beneficiarios/as denominado BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021 cun dobre fin, o de axudar ás familias ribeirenses a conciliar a vida laboral e familiar ao tempo que se estimula e xera traballo nas empresas e profesionais autónomos con domicilio social no noso municipio que ofertan este tipo de servizos e que viron afectada gravemente a súa actividade pola pandemia sanitaria xerada polo coronavirus.

Estas bases adáptanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento





da Lei 9/2007, do 13 de xuño e demais normativa de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; tendo en conta en todo caso os principios de: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia, e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Na súa virtude, en uso das facultades atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin ao que foron establecidos aprobase a regulación do seguinte:

BASES DO PROGRAMA BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021

Artigo 1. Obxecto

Establecer a convocatoria polas que se rexerá a concesión de axudas económicas ás familias con nenos e nenas de tres a doce anos de idade (ambos os dous incluídos), que teñan a súa residencia no municipio de Ribeira para a participación ou asistencia en campamentos de conciliación da vida familiar e laboral durante os meses de xullo e agosto do presente ano 2021 organizados por empresas ou autónomos con domicilio social no municipio, así como proceder á súa convocatoria.

As axudas previstas no presente decreto tramitaranse de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e a finalidade das subvencións non será necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria.

Artigo 2. Bases reguladoras.

Esta convocatoria rexerese pola regulación xeral das subvencións concedidas polo Concello de Ribeira, recollidas nas Bases de execución do orzamento de 2020, prorrogado a 2021, e publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 10 de xullo de 2020.

Artigo 3. Financiamento

1. Ás axudas obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de vinte mil euros (20.000,00 €) que se imputará á aplicación orzamentaria 334.48015.

2. O concello de Ribeira non admitirá as posteriores solicitudes destinadas á subvención unha vez esgotado o crédito previsto de 20.000 €, rematando nese momento o prazo para a solicitude das axudas coa correspondente publicación no taboleiro de anuncios da plataforma dixital www.ribeira.gal.





3. A partida total distribuirase do seguinte xeito: ata un máximo de 14.000 € para as axudas consideradas de “conciliación”, e ata un máximo de 6.000 € para as axudas ás demais familias. No caso de esgotarse o crédito nalgunha das dúas partidas, os servizos económicos municipais poderán, previo informe do departamento de cultura, traspasar parte da cantidade da outra partida para atender ás solicitudes recibidas.

Artigo 4. Persoas solicitantes

1. Poderán ser solicitantes das axudas do BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021 os/as pais/nais, titores/as, ou as persoas que teñan en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva nenos/as empadroados no municipio de Ribeira e con idades entre os tres a doce anos de idade (nena ou un neno nacida/o con posterioridade ao 31 de agosto de 2008).

2. Ademais, as persoas solicitantes teñen que cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5. Gastos subvencionables

Poderán ser obxecto destas axudas unicamente as actuacións dirixidas á atención de nenos e nenas de 3 a 12 anos e realizadas dentro do período que abarca do 1 de xullo ao 31 de agosto de 2021, ambos os dous incluídos (podendo de xeito excepcional admitirse aquelas que se desenvolvan entre o 28 de xuño e o 3 de setembro), coas seguintes características:

Contratación de servizos de campamentos ou actividades de conciliación cunha duración de ao menos cinco horas diarias de luns a venres –agás festivos- e durante un mes natural, ofertada por unha empresa ou profesional autónomo debidamente dado de alta e acreditado para a organización deste tipo de actividades e con seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade, con domicilio social no concello de Ribeira e que non incorra en ningunha incompatibilidade ou incumprimento coa administración pública e cando as actividades da programación sexan multidisciplinares e propias ou habituais dun campamento estival, non sendo aceptables aquelas actividades propiamente educativas ou de formación.

Artigo 6. Tipo de axuda e contía



FIRMANTE - FECHA





a) Axuda de conciliación: Poderana solicitar aquelas familias nas que ambos proxenitores estean traballando ou teletraballando nos meses de celebración do campamento, ou o único no caso de familias monoparentais ou proxenitores con custodia non compartida. A axuda consistirá nunha achega que pode acadar ata un máximo do 50 % do custo do campamento, cun límite máximo global de 100 €/mes por participante; supoñendo unha axuda total máxima 200 € por participante.

*No caso de familias numerosas debidamente acreditadas, a axuda poderá acadar ata un máximo do 60% do custo do campamento, cun límite máximo global de 120€/mes por participante; e supoñendo unha axuda máxima total de 240 € por participante.

Para poder solicitar a axuda de conciliación o período de vacacións durante os meses de xullo e agosto non poderá exceder dos seguintes límites:

- Para participantes en campamentos durante os dous meses (xullo e agosto): o período de vacacións, acumuladas entre os dous proxenitores ou o único no caso de familias monoparentais, será dun máximo total de 20 días hábiles no conxunto do verán (xullo e agosto).
- Para participantes en campamentos durante un mes: o período de vacacións, acumuladas entre os dous proxenitores ou o único no caso de familias monoparentais, será dun máximo total de 10 días hábiles para o mes de participación no campamento.

b) Resto de familias: a axuda consistirá nunha achega que pode acadar ata un máximo do 50 % do custo do campamento cun límite máximo global de 50 €/mes por participante, supoñendo unha axuda total máxima de 100 €.

*No caso de familias numerosas debidamente acreditadas, a axuda poderá acadar ata un máximo do 60% do custo do campamento, cun límite máximo global de 60€/mes por participante, cunha acuda máxima total de 120€.

Entenderase por familia monoparental a unidade familiar formada por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.





Nos supostos de custodia compartida, este requisito entenderase referido ao tempo no que esta se exerza efectivamente, debendo presentar, nestes casos, cada proxenitor unha solicitude individual.

Artigo 7. Renda per cápita

Non existirá requisito de renda para estas axudas.

Artigo 8. Concorrenca con outras axudas ou subvencións públicas

1. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

2. No caso de percibírense outras axudas deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas supere o custo do servizo recibido.

4. As persoas interesadas deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, usando o formulario establecido para o efecto nesta orde, o cal terán que volver achegar actualizado sempre que varíe a situación inicialmente declarada.

Artigo 9. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes, segundo o modelo do anexo I, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Ribeira e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (Praza do Concello s/n) ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, que estean habilitados; preferentemente por rexistro telemático a través do portelo dixital de www.ribeira.gal

2. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP e rematará o 10 de agosto de 2021 ou no momento de esgotarse o crédito orzamentario destinado a tal fin, o cal será debidamente informado a través da súa publicación no taboleiro de anuncios.





3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, teranse por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos previstos no artigo 21 da dita lei.

Artigo 10. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (Anexo I) a seguinte documentación:

a) Copia do DNI da persoa solicitante, do cónxuxe e do participante para o que se solicita o Bono.

b) Para os solicitantes da “axuda de conciliación”: Certificado da empresa na que traballe cada proxenitor, que acredite de que está efectivamente traballando no mes/meses para os que solicita o campamento, que inclúa o seu horario e especifique cal será o período de disfrute das vacacións na anualidade 2021 ou, no caso de autónomos/as, declaración responsable destas circunstancias e documentos de alta censual (modelo 036) e de alta na Seguridade Social. Aquelas solicitudes que non inclúan esta documentación ou nas que o certificado estea incompleto e non especifique o período de vacacións, non poderán optar a axuda de conciliación e atenderanse como as de categoría “resto de familias”.

c) Xustificante de reserva de praza do campamento obxecto da axuda, expedido pola empresa que o organice, onde deberá constar o nome e apelidos do participante e duración do campamento así como custe mensual do mesmo (deberá ser de ao menos cinco horas diarias de luns a venres –agás festivos- e ao menos durante un mes natural).

d) Copia do/s libro/s de familia ou, no seu defecto, dun documento que acredite oficialmente a situación familiar.

e) De ser o caso, documentación acreditativa da condición de familia numerosa.

f) De ser o caso, documentación acreditativa da monoparentalidade.

g) De ser o caso, certificado de sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais, nos casos de familias con custodia compartida ou





formadas por unha soa persoa proxenitora como consecuencia de separación legal, divorcio ou outras situacións análogas.

2. Ademais, no apartado correspondente do anexo I farase constar:

a) O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade da solicitada ao abeiro desta orde.

b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan coa solicitude son certos.

c) Que non se está incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas nestas bases.

d) Que se está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración Xeral do Estado e coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Ribeira, conforme ao artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Que se está ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Que a persoa solicitante se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. A documentación complementaria deberá presentarse xunto á solicitude. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.





4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro e data do mesmo da solicitude á que debe incorporarse a documentación.

5. No caso de que algún dos documentos que vai presentar a persoa solicitante de forma electrónica supere os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e acompañando á solicitude.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirllle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. De conformidade co establecido na normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Empadramento e convivencia da persoa solicitante, da persoa cónxuxe ou parella e das demais persoas membros da unidade familiar, de ser o caso.

b) Certificación da persoa solicitante de estar ao día nas obrigas tributarias co Concello de Ribeira.

2. No caso de que as persoas interesadas neste procedemento se opoñan á consulta dos datos ou documentos citados deberán presentar os correspondentes certificados no momento da solicitude.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Instrución do procedemento*

1. A instrución do procedemento corresponde ao Departamento de Cultura do Concello de Ribeira.

2. De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no correlativo artigo 31.4, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará



FIRMANTE - FECHA





a instrución dos expedientes seguindo a orde de presentación das solicitudes de acordo co disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e concederá a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución e poderá requirir á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase a ditar a resolución de inadmisión e ao seu arquivo, sen posibilidade de emenda, as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria ou unha vez esgotado o crédito destinado a tal fin.

Artigo 13. Resolución

1. A resolución dos expedientes de axudas, logo da fiscalización da proposta por parte dos servizos económicos do concello, corresponden á XGL previo informe do departamento de Cultura.

2. A resolución fixará os termos da axuda.

3. O prazo para resolver e notificar a resolución das axudas será de quince días naturais desde o día seguinte a data en que a solicitude teña entrada no rexistro xeral do Concello de Ribeira para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

Artigo 14. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos no caso de habelas practicaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común ao correo electrónico facilitado polo solicitante aínda que se entenderá por notificado calquera interesado a través da publicación da listaxe de resolución de axudas no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira en www.ribeira.gal mediante o código de cada solicitude que será o número de rexistro de entrada en lugar do nome e apelidos do solicitante, co fin garantir a confidencialidade dos datos facilitados.



FIRMANTE - FECHA





2. Para as notificacións electrónicas individuais, no caso de habelas, as persoas interesadas deberán manter o seu enderezo electrónico facilitado na solicitude ata o 30 de agosto de 2021.

Artigo 15. Réxime de recursos

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao amparo da presente orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se esta fose expresa, ou de seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

No caso de interpoñer o recurso de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do dito recurso.

Artigo 16. Pagamento

1. Non se abonará cantidade algunha aos solicitantes da axuda, xa que a cantidade concedida será directamente abonada á empresa ou profesional autónomo que organizase o campamento obxecto da solicitude, sendo descontada do prezo total a pagar polo solicitante; a empresa deberá reintegrar ou descontar na súa totalidade dita cantidade ao beneficiario. O pagamento será realizado polo Concello de Ribeira a través de transferencia bancaria, de xeito mensual, nun único pago total correspondente a todas as axudas desa mensuralidade que figurasen aprobadas polo órgano competente e previa presentación de factura mensual por parte do empresario adherido a este programa de bonos.

2. As empresas e profesionais autónomos que desexen participar deberán adherirse ao programa a través do correo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal facilitando os seguintes datos: Nome e apelidos ou denominación social, enderezo fiscal, cif ou nif, IBAN, nome da persoa responsable, epígrafe do IAE que habilite á realización da actividade, custo mensual do/s campamento/s e modalidades que ofrezca e teléfono de contacto e deste xeito consentirán a información das mesmas ás familias beneficiarias para que reclamen os seus servizos co fin de poder aplicarlle as axudas ou bonos; asemade entenderase que reúnen os requisitos especificados nestas bases. En todo caso, o Concello de Ribeira poderá



FIRMANTE - FECHA





requirirlles calquera documento obrigatorio para a participación deste programa polo que non é necesario a súa presentación no momento da adhesión.

3. Nas facturas presentadas polas empresas deberán figurar expresamente identificación (nome e DNI/NIE) da persoa solicitante da axuda e do/s neno/s ou nena/s que recibe/n o servizo e os días e horarios nos que se prestou así como os datos fiscais do expedidor, cos importes individuais de cada beneficiario e o importe total a abonar, así como IBAN para a transferencia. Deberá estar dirixida ao Concello de Ribeira e constar que será con cargo ao programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021. O límite máximo para a presentación das facturas será o 30 de novembro do presente 2021.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Artigo 17. Obrigas das empresas e profesionais autónomos adheridos á campaña.

a) Deberán facer figurar de xeito claro a través da publicación da súa páxina web, redes sociais, cartelería ou outro elemento publicitario cales son os campamentos beneficiarios destas achegas, que os mesmos constan coa colaboración da Concellería de Cultura de Ribeira a través do programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021 e incluír os logos identificativos que figuran como Anexo II desta convocatoria.

b) Deberán facilitar, de ser o requirido, aos órganos competentes toda a información necesaria para asegurar o cumprimento da finalidade da axuda concedida, particularmente a solicitada polos servizos económicos do Concello de Ribeira, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas. Sendo responsable do cobro indebido da mesma no caso de que o beneficiario non asistise á actividade ou esta non tivese lugar.

c) Deberá expedir, previo ao inicio do campamento, xustificante de reserva de praza ao participante, con selo oficial da empresa, onde deberá constar o nome e apelidos do participante, duración do campamento e custe mensual do mesmo (deberá ser de ao menos cinco horas diarias de luns a venres –agás festivos- e ao menos durante un mes natural).

d) Deberá comunicar ao Departamento de Cultura do Concello de Ribeira calquera alteración das condicións que motivaran o outorgamento das axudas.

Artigo 18. Reintegración



FIRMANTE - FECHA





1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas polas empresas adheridas ao programa e a exixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da axuda ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento das condicións impostas pola administración ás empresas e profesionais adheridos e ás persoas beneficiarias, así como os compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas pola administración ás empresas e profesionais adheridos e ás persoas beneficiarias, así como os compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro parcial no suposto de non comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión do servizo subvencionado o que suporá a perda dun 5 % do importe da subvención concedida. Esta porcentaxe do 5 % aplicarase unha vez descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os puntos anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

12/14





4. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as empresas ou persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso nunha conta bancaria a nome do Concello de Ribeira e facilitada a tal efecto, e o importe incluíra os xuros de mora, de acordo co previsto no artigo 34 Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A empresa ou persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que consten a data do ingreso, o seu importe e o número de rexistro da solicitude e denominación da subvención concedida.

Artigo 19. Réxime de infraccións e sancións

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 20. Publicidade

1. De conformidade co artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e co artigo 15.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as axudas concedidas ao abeiro desta orde non se publicarán por ser un dos supostos de excepción previstos nas ditas normas.

2. Non obstante o anterior, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria de conformidade co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 21. Información ás persoas interesadas

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada (solicitude xeral, anexo I e anexo II) ou información na web www.ribeira.gal, no departamento de Cultura do Concello de Ribeira, no teléfono 981 835 650 e no enderezo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal

Artigo 22. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados unicamente na súa condición de responsable polo Concello de Ribeira-Concellería de Cultura coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión do mesmo, sendo destruídos como máximo ao ano de caducidade.



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica do Concello de Ribeira mediante unha solicitude xeral ou de xeito presencial na Oficina de Atención Cidadá desta entidade.

En Ribeira, na data da sinatura dixital.

Asdo. María Sampedro Fernández
Concelleira delegada de Cultura.

14/14

CSV: 07E5000A7EC800M3T4B0E1V2A2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A7EC800M3T4B0E1V2A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, INFRAESTRUCTURAS E URBANISMO. - 21/05/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/05/2021 13:29:24

EXPEDIENTE ::
2021CONV000003
Fecha: 21/05/2021
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

ANEXO I

DATOS DO/DA PAI/NAI/TITOR SOLICITANTE

NOME **APELIDOS** **DNI**

ENDEREZO POSTAL

TELÉFONO DE CONTACTO **CORREO ELECTRÓNICO**

DATOS DO/DA NENO/A BENEFICIARIO DO BONO

NOME **APELIDOS** **DNI**

DATA DE NACEMENTO (XX/XX/XXXX) **CONCELLO ONDE ESTÁ EMPADROADO/A**

MESES NOS QUE PARTICIPARÁ NO CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN

XULLO **AGOSTO** **XULLO E AGOSTO**

EMPRESA QUE ORGANIZA O CAMPAMENTO **CUSTO MENSUAL DO CAMPAMENTO** €

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou concepto

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou concepto, que son as que se detallan a continuación:

ORGANISMO	IMPORTE (€)



FIRMANTE - FECHA





A PERSOA RESPONSABLE DECLARA:

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención desta axuda.
4. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración Xeral do Estado e coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Ribeira, conforme ao artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
5. Así mesmo, comprométese a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

AUTORIZO A ADMINISTRACIÓN Á COMPROBACIÓN DOS DATOS DE EMPADROAMENTO:

SI

NON

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE XUNTAR A ESTA SOLICITUDE:

- Copia do DNI da persoa solicitante, do cónxuxe e do participante para o que se solicita o Bono.
- Para os solicitantes da “axuda de conciliación”: Certificado da empresa na que traballe cada proxenitor, acreditativo de que está efectivamente traballando no mes/meses para os que solicita o campamento, que inclúa o seu horario e especifique cal será o período de desfrute das vacacións na anualidade 2021 ou, no caso de traballadores/as autónomos/as, declaración responsable destas circunstancias e documentos de alta censual (modelo 036) e de alta na Seguridade Social.
- Xustificante de reserva de praza do campamento obxecto da axuda, expedido pola empresa que o organice, onde deberá constar o nome e apelidos do participante e duración do campamento e prezo mensual (deberá ser de ao menos cinco horas diarias de luns a venres – agás festivos- e ao menos durante un mes natural).
- Copia do/s libro/s de familia ou, no seu defecto, dun documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Documentación acreditativa de familia numerosa, de ser o caso.
- Documentación acreditativa da monoparentalidade, de ser o caso.
- Certificado de sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais, nos casos de familias con custodia compartida ou formadas por unha soa persoa proxenitora como consecuencia de separación legal, divorcio ou outras situacións análogas, de ser o caso.



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

**ANEXO I
(CONTINUACIÓN)**

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases reguladoras do programa de axudas ás familias con nenas e nenos de tres a doce anos de idade para a participación en campamentos de conciliación durante o verán na situación xerada pola COVID-19 a través do programa “BONO concilia camparibeira verán 2021”.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

LUGAR E DATA

_____, _____ de _____ de _____



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A7EC800M3T4B0E1V2A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, INFRAESTRUCTURAS E URBANISMO. - 21/05/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/05/2021 13:29:24

EXPEDIENTE ::
2021CONV000003
Fecha: 21/05/2021
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO
DE
R I B E I R A
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

ANEXO II

(Só para as empresas e autónomos adheridos á campaña)

As empresas e profesionais autónomos adheridos á campaña deberán facer figurar de xeito claro a través da publicación da súa páxina web, redes sociais, cartelería ou outro elemento publicitario dos campamentos beneficiarios destas achegas, que os mesmos constan coa colaboración da Concellería de Cultura de Ribeira a través do programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN 2021 así como os logos identificativos que figuran como Anexo II desta convocatoria.

Logos que deberán utilizar:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A7EC800M3T4B0E1V2A2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, INFRAESTRUCTURAS E URBANISMO. - 21/05/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/05/2021 13:29:24

EXPEDIENTE ::
2021CONV000003
Fecha: 21/05/2021
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

